

ORDENANZA REGULADORA DAS ACTIVIDADES DA ESCOLA MUNICIPAL DE NATACION DE XOVE

A Escola Municipal de Natación de Xove, é unha escola deportiva dependente do Concello de Xove, e cuxa labor é o ensino da natación nas súas fases de iniciación, perfeccionamiento e introducción á natación deportiva.

A Escola Municipal de Natación, tamén organiza cursos de natación escolar, cursos para colectivos en verán, cursos para persoas diminuídas, cursos para persoas maiores e distintos cursos relacionados coas actividades acuáticas (buceo, socorrismo acuático, etc.)

NIVEIS DE APRENDIZAXE Á NATACION PARA NENOS-AS

No ensino da natación para nenos-as, a Escola Municipal de Natación, diferencia seis niveis distintos de aprendizaxe: un nivel de introducción e adaptación ó medio acuático e cinco niveis de aprendizaxe divididos en dous niveis de iniciación e tres de perfeccionamiento denominados da seguinte forma:

- **NIVEL DE INTRODUCCION Ó MEDIO ACUATICO:** Destinado a nenos-as de 2, 3 e 4 anos e dentro de un programa de ensino denominado “A auga peques”
- **NIVEL BRANCO:** Primeiro nivel de iniciación á natación destinado a nenos-as de 5 anos en adiante.
- **NIVEL AMARELO:** Segundo nivel de iniciación á natación. Para acceder a este nivel hai que ter superado o nivel branco.
- **NIVEL VERDE:** Primeiro nivel de perfeccionamiento á natación. Para acceder a este nivel débese ter superado o segundo nivel de iniciación (amarelo).
- **NIVEL AZUL:** Segundo nivel de perfeccionamiento de natación. Débese ter superado o nivel verde para acceder a el.
- **NIVEL VERMELLO:** Nivel de introducción á natación deportiva. Débese ter superado o nivel azul para acceder a este nivel. Pola dificultade deste nivel, non se realiza todo o programa nun só curso, sendo necesario para a súa realización dous ou tres cursos.

NIVEIS DE APRENDIZAXE Á NATACION PARA ADULTOS

No ensino de natación para adultos, a Escola Municipal de Natación de Xove, diferencia catro niveis de aprendizaxe divididos en dous de iniciación e dous de perfeccionamiento.

- **INICIACION NIVEIS “A” e “B”:** Primeiro e segundo nivel de iniciación á natación para adultos.
- **INICIACION NIVEL “B”:** Segundo nivel de iniciación á natación para adultos.
- **PERFECCIONAMIENTO NIVEIS “A” e “B”:** Primeiro e segundo nivel de perfeccionamiento da natación para adultos.
- **INICIACIÓN E PERFECCIONAMIENTO PARA “PERSOAS MAIORES”:** Primeiro e segundo nivel de perfeccionamiento para persoas maiores de 50 anos.

Tódolos niveis de ensino para adultos seguen un programa de ensino desde o que o alumno comenza a familiarizarse co medio acuático ata que é capaz de nadar un largo da piscina (25m) ó finalizar o nivel “B” de iniciación. Nos niveis de perfeccionamiento de adultos, o alumno finaliza nadando a dous estilos de natación (crol e espalda) ó terminar o primeiro nivel de perfeccionamiento “A” ata saber nadar de forma básica ós catro estilos de natación (crol, espalda, braza e mariposa) ó rematar o nivel “B”. Dentro dos programas de ensino para adultos, tanto para iniciación como perfeccionamiento tamén se contemplan outras actividades, lúdicas, recreativas e terapéuticas para estas persoas adultas e que son de grande aceptación entre os alumnos, pois aínda que son adultos, tamén lles gusta disfrutar de tódalas vantaxes que ten a auga para pasalo ben.

DURACION DOS CURSOS DE NATACION DA ESCOLA

Os cursos de natación da Escola Municipal de Xove, solen ter unha duración de un ou dous meses dependendo do nivel de aprendizaxe que se realice.

- NIVEL DE INTRODUCCION (A AUGA PEQUES): Dito nivel só se realiza durante os meses de verán. A duración de cada un destes cursos é de un mes (en días alternos: Luns, Mércores e Venres)
- NIVEL BRANCO: Duración de DOUS MESES (en días alternos)
- NIVEIS AMARELO, VERDE, AZUL Y VERMELLO: Teñen unha duración de dous meses en días alternos (un mes Lun, Mércores e Venres e outro mes os Martes e Xoves)
- Estes cursiños se realizan durante todo o ano.

HORARIO DOS CURSIÑOS

Os horarios ós que se realizan os cursos da Escola Municipal de Natación, dependen do nivel a realizar e son ás seguintes horas:

- NIVEL DE INTRODUCCION (A AUGA PEQUES): de 10:30 a 11:00 e 11:30 a 12:00 (meses de verán)
- NIVEL BRANCO: de 6:15 a 7:00 da tarde.
- NIVEL AMARELO: de 7:00 a 7:45 da tarde.
- NIVEL VERDE: de 6:15 a 7:00 da tarde.
- NIVEL AZUL Y VERMELLO: de 7:00 a 7:45 da tarde.
- INICIACION PARA ADULTOS: de 7:45 a 8:30 da tarde e de 8:30 a 9:15 da noite.
- PERFECCIONAMIENTO PARA ADULTOS: de 7:45 a 8:30 da tarde e de 8:30 a 9:15 da noite.
- INICIACIÓN E PERFECCIONAMENTO PARA “PERSOAS MAIORES”: O cursiño impartirase durante os meses de verán (xuño, xullo e setembro) en horario de mañá.
- Estes horarios poden ser modificados. En caso de cambios, informarase puntualmente ás persoas que realicen o curso. En verán, os cursiños teñen un horario diferente (Consultar taboleiro de anuncios)

CURSO DE NATACION ESCOLAR

A Escola Municipal de Natación de Xove, tamén organiza en conxunto cos centros de ensino, institutos ou A.P.A.S. da comarca o curso de Natación Escolar. Dito curso vai destinado a escolares de primaria ou secundaria, as clases de natación son en horario escolar, é dicir, de 10 a 13 horas pola mañán e de 15 a 17 horas pola tarde e en calendario das clases é o mesmo que o calendario escolar. Cada curso asiste a unha clase de natación á semana, realizándose un total de 27 ou 28 clases durante o curso escolar.

Para a organización e programa do curso escolar o Director da Escola Municipal de Natación convoca a tódolos Directores e A.P.A. dos centros de ensino interesados a principios do mes de Setembro para exporlles o programa anual do Curso de Natación Escolar e fixar todos os cambios que se presenten.

A duración do Curso de Natación Escolar é dende o mes de Outubro ó mes de Maio, ambos inclusive.

CURSOS COLECTIVOS DE VERÁN

Durante os meses de verán (Xuño, Xullo, Agosto e Setembro) a Escola Municipal de Natación organiza Cursos de Natación para Colectivos como poden ser: A.P.A.S., Asociacións deportivas, entidades dependentes das distintas administracións (Instituto Social da Marina, Consellería de Xuventude, etc.), Fundacións, etc.

Para poder acceder a estos cursos, deberase presentar na Piscina unha solicitude na que se presente: Nome da entidade, dirección social e teléfono, número de alumnos, mes de realización do curso e horario preferible.

A continuación a dirección da Piscina, informará á entidade de todos os demais detalles do curso e se é posible realizalo nas datas e horarios solicitados.

OUTRAS ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS POLA ESCOLA

A Escola Municipal de Natación, tamén desenvolve e organiza outras actividades diferentes a cursos de natación, pero todas relacionadas coas actividades acuáticas e o seu mundo.

- **BAUTIZOS DE BUCEO:** Se trata de realizar unha inmersión con equipo autónomo de buceo deportivo na Piscina Municipal. Ditos bautizos, son soamente para Abonados e totalmente gratuitos. Realízanse dous bautizos ó ano, un para nenos e outro para adultos, pero si existe moita demanda de persoas interesadas pódense facer un ou dous máis ó ano. Estes bautizos se programan con dous meses de antelación á súa realización e se informa a todos os Abonados mediante carteles para que se podan apuntar á actividade.
- **CURSOS DE BUCEO DEPORTIVO:** En coordinación coa oficina de información Xuvenil do Concello de Xove, a Escola Municipal de Natación, tamén organiza cursos de buceo deportivo para todas aquelas persoas interesadas. (Preferentemente do Concello).
- **CURSOS DE SOCORRISMO ACUÁTICO:** Tamén en coordinación coa oficina de Información Xuvenil do Concello, se organizan cursos de socorrismo acuático, con

vistas a ter persoas formadas para poder desempeñar a función de Socorristas nas praias e piscinas do Concello ou Concellos veciños.

- **EQUIPO DE COMPETICION DA ESCOLA MUNICIPAL DE NATACION** A Escola Municipal de Natación, forma cada ano un equipo composto por nenos-as que participan nos distintos cursos da Escola Municipal de Natación. Con dito equipo, a Escola participa nos Campeonatos Escolares de Natación organizados pola Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia e outras competicións de Escolas de Natación, ás que sexan invitados. A idea da creación deste equipo é o fomento da Natación Deportiva e que estes nenos-as se lles gusta este deporte podan enrolarse nas filas do Clube Natación Xove.

OUTRAS NORMAS DE FUNCIONAMIENTO DA ESCOLA MUNICIPAL DE NATACION

- **INSCRIPCION DE CURSOS:** a inscrición para todos os cursos realizarase na oficina da Piscina Municipal e deberase cubrir unha folla de inscrición. As inscricións comenarán o día 1 de outubro para os cursillos que se realicen o ano seguinte. Os meses dos cursillos iranse cubrindo segundo a data de inscrición e as preferencias dos cursillistas, pois poderán elixir o mes ou meses do curso segundo estean as prazas libres ou ocupadas. Unha vez cubertas as prazas de certo mes, tamén se poderán inscribir como reserva. Cada curso terá seis reservas que se utilizarán no caso que se den de baixa os cursillistas que teñen praza fixa. Todos os cursillistas, serán avisados telefónicamente unha semana antes de comenzo o curso para confirmarlles o día e a hora de comenzo do curso.
- **CUOTAS DOS CURSOS:** As cuotas dos cursos deberán ser abonadas no Control da Piscina, tendo de prazo os primeiros quince días do curso. A recepcionista cubrirá un recibo de pago a cada cursillista. Se este non é abonado da Piscina Municipal, deberá traer o recibo de pago cada día que asista ó curso, pois a recepcionista poderá pedirlo para poder acceder á instalación.
- **TEMPO DE UTILIZACION DA PISCINA:** Os cursillistas que non sexan Abonados da Piscina Municipal, soamente poderán utilizar a piscina no horario fixado para o curso. Os cursillistas que sexan abonados da Piscina Municipal, poderán utilizala antes ou despois do curso, pero non é recomendado polos Monitores, sobre todo meterse na auga antes do curso. Os cursillistas que non sexan Abonados da Piscina Municipal, poderán acceder á instalación 20 minutos antes do inicio da actividade.

REGULACIÓN DO EQUIPO DE NATACIÓN DEPORTIVA

Co fin de regular a formación do equipo de natación deportiva, que está formado por unha selección de alumnos pertencentes ós cursos de natación da escola municipal de natación, introdúcese este novo apartado coa seguinte redacción:

Os alumnos pertencentes ó Equipo de Natación Deportiva, participarán nos campionatos escolares de natación que organiza a Dirección Xeral para o Deporte da

Xunta de Galicia. A duración dos entrenamentos deste equipo será de xaneiro a maio. A cota estipulada para cada nadador será de 3 euros por mes ou 15 euros por temporada.

CUOTAS DOS CURSOS DA ESCOLA MUNICIPAL DE NATACION

CURSIÑOS DO NIVEL DE INTRODROCCION “A AUGA PEQUES”

Abonados da Piscina Municipal: 12,00 €

Non abonados da piscina: 24,00 €

CURSIÑOS DE NIVEIS “BRANCO” “AMARELO” “VERDE” “AZUL” “VERMELLO”

Abonados da Piscina Municipal: 9,00 €

Non abonados da Piscina Municipal: 24,00 €

CURSIÑOS DE INICIACION E PERFECCIONAMIENTO DE ADULTOS

Abonados da Piscina Municipal: 12,00 €

Non abonados da Piscina Municipal: 27,00 €

CURSIÑOS PARA MAIORES DE 50 ANOS

Abonados da piscina Municipal: 9,00 €

Non abonados da Piscina Municipal: 17,00 €

CURSIÑOS PARA COLECTIVOS EN VERÁN

Infantil (menores 16 anos): 21,00 €

Adultos (maiores 16 anos): 24,00 €

CURSO DE NATACION ESCOLAR

21,00 €/alumno

BAUTIZOS DE BUCEO

Solo para abonados: Gratuitos.

EQUIPO DE NATACIÓN DEPORTIVA

3 €/mes (15 €temporada)

CURSOS PARA PERSOAS MAIORES, PARA AMAS DE CASA, NATACION DE MANTEMENTO, PERSOAS DISMINUIDAS OU OUTROS CURSOS RELACIONADOS COAS ACTIVIDADES ACUATICAS.

As cuotas destes cursos presentaranse nos taboleiros de anuncios, nas datas que sexan convocados.

Pleno de 23 de decembro de 2.004